

**Concurso específico para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos convocado por Resolución do 16 de decembro de 2021 (DOG núm 248 de 28 de decembro de 2021), e modificado o 29 de decembro de 2021 (DOG núm 1, de 3 de xaneiro de 2022)**

A comisión encargada da valoración do concurso específico acordou, por unanimidade, na reunión do día 4 de maio do 2022:

1.- Publicar os criterios para a valoración da FASE A

### CRITERIOS DE VALORACIÓN FASE A

- Aspectos formais de presentación: redacción, estrutura, ordenación e claridade de ideas. Calidade do documento presentado, formateo e emprego de gráficos, esquemas, etc. **(2 puntos)**
- Coñecemento do servizo e da área en particular dende o punto de vista da organización interna e a interrelación co resto de servizos da UDC. Descrición dos medios técnicos e humanos da área. Descrición funcional, normativas e aspectos legais **(10 puntos)**
- A proposta organizativa do posto e da área na que se encadra **(14 puntos)**
- Os obxectivos que se propoñen: claridade, concreción, secuencia e priorización. O grado de novidade e avance respecto da situación actual. Planificación de tarefas e accións asociadas aos obxectivos **(14 puntos)**.

En relación coas prazas de **coordinador/a** do Servizo de Informática e Comunicacóns:

- Só se valorarán as memorias presentadas para as prazas 264, 265 e 270 debido a que as persoas titulares das prazas 263, 266, 267 e 269 non concursaron e polo tanto non quedarán vacantes.
- Terase en conta que na actual RPT da Universidade da Coruña estas prazas están cualificadas como de coordinador/a de xeito xeral, sen indicar a área concreta na que desenvolverán as súas funcións.

Deste xeito a comisión valorará, para estas prazas de coordinación, as memorias presentadas, segundo os seguintes criterios:

- Aspectos formais de presentación: redacción, estrutura, ordenación e claridade de ideas. Calidade do documento presentado, formateo e emprego de gráficos, esquemas, etc. **(2 puntos)**
- Coñecemento do Servizo dende o punto de vista da organización interna e a interrelación co resto de servizos da UDC. Coñecemento dos procesos, servizos e infraestruturas do Servizo. Normativas e aspectos legais involucrados. **(10 puntos)**

Código Seguro De Verificación	Jm1DFyKxvaGDbQK7zTbwLQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Jesús Caínzos López	Asinado	07/05/2022 18:59:34
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Jm1DFyKxvaGDbQK7zTbwLQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/Jm1DFyKxvaGDbQK7zTbwLQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Capacidades para levar a cabo as tarefas de coordinación dende o punto de vista funcional e organizativo. **(16 puntos)**
- Proposta concreta de coordinación reflexada na memoria presentada. Descrición dos obxectivos que se propoñen: claridade, concreción, secuencia e priorización. Grado de novidade e avance respecto da situación actual. **(12 puntos)**.

No caso de que a persoa candidata presentase a/s memoria/s para unha coordinación específica, de acordo coa interpretación da memoria xustificativa da RPT, poderánselle valorar os aspectos sinalados anteriormente, sempre que contribúan a ver as capacidades xerais de coordinación pero, **en ningún caso**, isto terá carácter vinculante á hora de determinar as funcións que desenvolverá na coordinación que poida obter no concurso.

2.- Determinar, en resposta ás peticións recibidas, que:

- Se permite o uso de medios audiovisuais para a exposición pública do proxecto na fase B.
- De acordo coas previsións da comisión, salvo causa de forza maior que o impidise, as persoas aspirantes serán convocadas para a exposición pública durante o mes de xuño de 2022.

Asinado dixitalmente,

A presidenta da comisión  
María Jesús Caínzos López

<b>Código Seguro De Verificación</b>	Jm1DFykxvaGDbQK7zTbwLQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	María Jesús Caínzos López	Asinado	07/05/2022 18:59:34
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Jm1DFykxvaGDbQK7zTbwLQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/Jm1DFykxvaGDbQK7zTbwLQ==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

